

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 8 de febreiro de 2022 pola que se convocan as actividades de formación continua en materia de idiomas para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional de Galicia, da Administración de xustiza, das entidades locais e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG).

Aprobado o programa de actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2022 polo Consello Reitor, de conformidade co artigo 6.2 da Lei 4/1987, do 27 de maio, procede convocar as actividades de formación continua en materia de idiomas para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais, da Administración institucional de Galicia, da Administración de xustiza, das entidades locais e de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (en diante, SUG), que se detallan nos anexos desta resolución.

O Plan formativo para o ano 2022 continúa cunha oferta formativa conxunta en materia de idiomas para o persoal indicado no parágrafo anterior.

Deste xeito, garántese que todas as persoas destinatarias destas actividades, con independencia da Administración a que pertencen, poidan acceder a esta formación de carácter transversal, que é precisamente unha das que concentra a maior demanda. Con isto, ademais de ampliar a oferta formativa, procúrase unha xestión máis eficiente desta e unha maior racionalización na cobertura das prazas.

RESOLVO:

Convocar as actividades de formación continua en materia de idiomas que figuran no anexo II, que deberán desenvolverse segundo as bases detalladas no anexo I.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2022

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública



ANEXO I**Bases***Primeira. Requisitos dos/das participantes*

1. Poderá participar nas actividades formativas convocadas nesta resolución o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional de Galicia, da Administración de xustiza, das entidades locais de Galicia, e de administración e servizos (PAS) das universidades do SUG, que se encontre en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) e que reúna os requisitos establecidos nesta convocatoria e para cada un dos casos no anexo II.

2. Está exceptuado o persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, o persoal das escalas dos corpos da policía de Galicia, policía local e bombeiros, e o persoal do Servizo Galego de Saúde, non entendendo por tal os/as empregados/as públicos/as da escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria creada pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segunda. Desenvolvemento das actividades de formación

Os cursos realizaranse cos requirimentos, a duración e as condicións que para cada un deles se indiquen na convocatoria. A información relativa ao desenvolvemento das actividades, así como as súas posibles modificacións, será actualizada e ampliada na páxina web <<https://egap.xunta.gal>>

Terceira. Solicitudes e prazos

1. O prazo de presentación de solicitudes será de dez días a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes de participación nas actividades formativas só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible no enderezo <<https://egap.xunta.gal/matricula>> desde as 8.00 horas da data de inicio do prazo de presentación de solicitudes e ata as 23.55 horas da data de finalización. As solicitudes entenderanse presentadas unha vez que se complete correctamente o proceso de matriculación.



3. O número máximo de actividades formativas que se poden solicitar nesta convocatoria límitase a tres.

4. Debido á alta demanda dos cursos de idiomas na modalidade de teleformación, establécense as seguintes limitacións:

– Cada persoa só poderá solicitar un nivel por cada idioma ofertado na modalidade de teleformación.

– Non se poderá solicitar o mesmo nivel cursado na anterior convocatoria.

5. Nas actividades impartidas na modalidade de telepresenza a presentación da solicitude para participar nestas comportará o consentimento da persoa interesada para a gravación das sesións na plataforma de telepresenza. Esta gravación terá por único fin o de poder ser empregadas polo alumnado do curso como recurso formativo e para a resolución de posibles reclamacións.

Unicamente poderá acceder ás sesións o persoal docente e o alumnado do curso, así como persoal da EGAP autorizado cos fins previstos pola normativa vixente en materia de protección de datos.

As gravacións serán borradas unha vez que remate o curso coas únicas excepcións que estean previstas na normativa vixente en materia de protección de datos.

6. Non está permitida a realización de actividades de formación que teñan simultaneidade de horarios nunha ou varias sesións presenciais das actividades. Cando o/a alumno/a teña coñecemento de que foi seleccionado/a para un curso que teña coincidencia horaria con outro no que xa foi seleccionado/a, debe renunciar a un deles. No caso de que se comprobe con posterioridade que realizou simultaneamente varias actividades, non se lle expedirá certificación de ningunha delas, e pasará ao final das listaxes de todas as actividades formativas que solicite e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

7. Serán excluídas automaticamente aquelas solicitudes que non se axusten ao formulario de solicitude, non teñan cubertos correctamente os datos precisos para a realización do proceso de selección ou sexan presentadas fóra de prazo.

8. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas das actividades solicitadas e pasarán ao final das listaxes de todas



as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

9. As persoas interesadas en recibir mensaxes sobre o proceso de selección deberán facilitar un enderezo de correo electrónico e/ou un número de teléfono móbil.

10. As persoas solicitantes de actividades impartidas na modalidade de teleformación deberán dispor dunha conta de correo electrónico cuxo enderezo terán que indicar na solicitude e dun equipamento informático que cumpra os seguintes requisitos técnicos:

- Un ordenador con conexión á internet.
- Un navegador web actualizado.

11. As persoas que necesiten acreditar circunstancias específicas (discapacidade ou permisos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral) de acordo cos criterios de selección, poderán remitirle á EGAP a correspondente documentación complementaria, xunto cunha copia do formulario da matrícula, ao enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>, sen prexuízo do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro). A devandita documentación deberá enviarse por unha única das vías indicadas; no caso contrario, só serán considerados os datos achegados por correo electrónico. A documentación deberá presentarse dentro do prazo sinalado no punto 1 desta base.

12. A EGAP adoptará as medidas necesarias para facilitar a presentación das solicitudes. As dúbidas, as dificultades técnicas e as peticións de información complementaria serán atendidas a través dos números de teléfono 981 54 62 57, 981 54 62 53 e 981 54 63 35 en horario de atención ao público (das 9.00 ás 14.00 horas) e do enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>

Cuarta. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación do procedemento consultarase automaticamente os datos das persoas interesadas necesarios para realizar o proceso de selección das actividades formativas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo expresamente e achegar os documentos que indiquen a súa situación administrativa, tipo de persoal e antigüidade na Administración.



3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

4. A presentación da solicitude comportará a autorización da persoa solicitante ao órgano xestor para pedir as certificacións necesarias para realizar a selección de acordo cos criterios da EGAP.

Quinta. *Criterios de selección*

1. Proba de nivel nas actividades de idiomas de teleformación:

Durante o prazo de presentación de solicitudes todo o persoal que desexe solicitar algún dos niveis das actividades de lingua inglesa, francesa, alemá e portuguesa impartidas na modalidade de teleformación terá dispoñible unha proba de nivel orientativa.

As persoas que estean interesadas en realizar a proba de nivel deberán acceder á aula virtual da EGAP no enderezo <<https://egap.xunta.gal/aulavirtual/>> utilizando o mesmo usuario e contrasinal que na zona de matrícula. Neste caso, despois de realizar a proba de nivel, deberán matricularse na actividades formativas que se correspondan co nivel obtido.

2. Proba de nivel nas actividades de idiomas presenciais:

A proba de nivel realizarase con anterioridade ao inicio da actividade para os efectos de seleccionar grupos o máis homoxéneos posibles.

Nestas actividades as probas de nivel serán presenciais nos lugares e nas datas que se establezan. A EGAP informará da súa selección e da necesidade de realización da proba a través do correo electrónico, indicándolle as datas concretas, o horario e as características desta.

3. Os criterios selectivos que serán empregados son os sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro), tendo en conta a seguinte preferencia:

En primeiro lugar, terán preferencia as persoas aspirantes que realicen tarefas/funcións para as que precisen o coñecemento dun idioma en concreto, acreditadas mediante un certificado expedido polo/a seu/súa superior xerárquico durante o prazo de presentación de solicitudes establecido na base 3.1. Non se terán en conta os certificados presentados fóra de prazo.



Para os efectos do previsto no punto segundo da antedita resolución, e tendo en conta o anterior, o baremo que se empregará para a selección establécese sobre unha base de 100 puntos, dos que o 60 % estará vinculado ao número de horas de formación recibidas nos dous últimos anos e o 40 % restante á antigüidade na Administración. Para os efectos desta convocatoria, non se terán en conta os cursos de idiomas realizados nos dous últimos anos.

Os empates desfaranse de acordo co resultado do sorteo a que se refire o artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 95/1991, do 20 de marzo (DOG núm. 58, do 25 de marzo).

A totalidade das prazas de cada actividade formativa repartiranse nun 70 % para o persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, nun 10 % para o persoal das entidades locais, outro 10 por cento para a Administración de xustiza de Galicia, e o 10 % restante para o PAS das universidades galegas do SUG.

No caso de que non haxa un número suficiente de solicitantes da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional poderá completarse o número de alumnos/as asignado co persoal das restantes administracións destinatarias desta resolución de convocatoria de acordo cos criterios sinalados con carácter xeral na Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 4 de xaneiro de 2008 (DOG núm. 7, do 10 de xaneiro).

4. No caso de que non haxa un suficiente número de solicitantes que cumpran os requisitos do curso, poderá completarse o número de alumnos/as asignado mediante a apertura dun novo prazo, o que se fará público na páxina web da EGAP.

Sexta. Publicación das relacións do alumnado seleccionado

1. A EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> unha relación das persoas seleccionadas para participar no dito curso, así como un número adecuado de reservas de acordo co disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).



O prazo de presentación de alegacións será de dez días desde a súa publicación de acordo co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Entenderase que as persoas que non figuren na relación foron excluídas por algunha das razóns expresadas nas bases da convocatoria ou ocupan un posto máis afastado na listaxe de espera.

2. Transcorrido o prazo de alegacións, a EGAP publicará no enderezo <<https://egap.xunta.gal>> a listaxe definitiva de persoas admitidas no curso. Contra esta listaxe poderase interpoñer recurso de alzada no prazo dun mes desde a dita publicación, de acordo co disposto polos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétima. Cambios ou substitucións na selección. A renuncia. A asistencia e o seguimento das actividades formativas

1. Os cambios ou as substitucións na selección:

En ningún caso serán admitidos cambios ou substitucións entre as persoas seleccionadas.

2. A renuncia:

a) As persoas seleccionadas só poderán renunciar á actividade formativa:

- Por causa de forza maior suficientemente acreditada.
- Por necesidades do servizo debidamente motivadas por parte dos/das responsables dos centros directivos.
- Por razóns de conciliación familiar.
- Por outras causas xustificadas documentalmente.

b) A renuncia debe ser comunicada por escrito á EGAP cunha antelación de tres días naturais anteriores ao inicio da actividade formativa. Na páxina web da escola está dispoñible un modelo de renuncia.



Para isto poderase utilizar, alén do previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), o enderezo de correo electrónico <xestion.egap@xunta.gal>

As persoas que incumpran o previsto nas liñas a) e b) pasarán ao final das listaxes de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3. A asistencia e o seguimento das actividades formativas:

3.1. Seguimento das actividades presenciais e telepresenciais:

a) Son obrigatorias a asistencia ás sesións da actividade formativa e mais a puntualidade.

b) Durante a actividade formativa terá lugar un control permanente de asistencia e puntualidade, incluídos controis extraordinarios.

c) As faltas de asistencia:

1. Non poden superar en ningún caso o 10 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais. En todo caso, as faltas de asistencia deberán xustificarse documentalmente ante as persoas responsables da actividade formativa nun prazo máximo de 10 días contados a partir do día da finalización desta actividade. As persoas que incumpran o antedito perderán o dereito ao certificado de participación na actividade formativa.

2. Aquelas persoas cuxas faltas de asistencia superen o 50 % das horas lectivas presenciais ou telepresenciais pasarán ao final das listaxes de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.

3.2. Seguimento das actividades de teleformación e de telepresenza:

As persoas que non completen o 50 % das actividades e tarefas propostas pola titoría pasarán ao final das listaxes de espera de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado a partir do día da finalización desta actividade.



Oitava. *Superación da actividade formativa*

Para poder superar as actividades formativas, será necesario cumprir os seguintes requisitos:

a) Para as actividades presenciais e telepresenciais: a superación dunha proba de avaliación que se realizará ao final delas. As probas poderanse desenvolver de xeito descentralizado nas sedes que se determinen no comezo de cada actividade.

b) Para as actividades de teleformación:

– A adecuada realización de todas as actividades que o/a titor/a propoña. Estas deben constar debidamente presentadas nos prazos estipulados na programación didáctica do curso. A non superación das actividades obrigatorias suporá a perda automática do dereito a participar no exame final presencial.

– A superación dunha proba de avaliación final.

Ao inicio da actividade formativa publicarase o correspondente programa na plataforma de teleformación e indicaranse as probas de avaliación previstas, así como as datas en que estas terán lugar. Nestas actividades as probas de avaliación finais serán en liña. A EGAP informará, a través da súa páxina web e tamén a través da plataforma de teleformación, das datas concretas e das horas da proba final.

Novena. *Certificado de aproveitamento*

Para a obtención do certificado de aproveitamento o alumnado deberá obter a avaliación positiva do seu profesorado, o cal emitirá un informe en que declare apto/a ou non apto/a cada alumno/a en función do resultado da proba de avaliación.

En caso de non superar a proba, tampouco se facilitará certificado de asistencia.

Décima. *Facultades da EGAP*

1. A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e na xestión das actividades formativas e pode suprimir algunha, ampliar novas edicións da programación ou programar outras actividades diferentes cando así o exijan as circunstancias que afecten a súa organización ou docencia. Tamén lle corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.



2. A execución material das actividades queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.

3. No suposto de que o número de admitidos/as sexa inferior ao 50 % das prazas convocadas, a EGAP reserva para si o dereito a suspender, cancelar ou agrupar varias edicións das actividades, caso en que empregará os medios de notificación ás persoas interesadas previstos na normativa vixente.

4. A EGAP poderá modificar os contidos, o desenvolvemento, as datas e os lugares das actividades formativas, así como resolver todas as continxencias que poidan xurdir. Todas as modificacións que afecten o desenvolvemento das actividades serán anunciadas na páxina web da escola.

5. A EGAP garantirá nas actividades derivadas desta convocatoria a promoción da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, a eliminación de calquera tipo de discriminación e o fomento dos dereitos de conciliación.





ANEXO II

Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22001	Actualización en lingua inglesa. Nivel avanzado	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 18.30 ás 20.30 horas	1.12.2022 ás 20.00 horas
PI22002	Actualización en lingua inglesa. Nivel intermedio	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 24.3.2022 ao 30.6.2022 Martes e xoves das 18.30 ás 20.30 horas	30.6.2022 ás 20.00 horas
PI22003	Comunicación en inglés no ámbito laboral	20	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é preciso ter coñecementos de nivel intermedio en lingua inglesa	Presencial Santiago de Compostela	Do 23.5.2022 ao 29.6.2022 Luns e mércores das 16.30 ás 18.30 horas Último día das 16.30 ás 19.30 horas	29.6.2022 ás 19.00 horas
PI22003	Comunicación en inglés no ámbito laboral	20	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é preciso ter coñecementos de nivel intermedio en lingua inglesa	Presencial Santiago de Compostela	Do 19.10.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 16.30 ás 18.30 horas Último día das 16.30 ás 19.30 horas	30.11.2022 ás 19.00 horas
PI22004	Conversa en alemán	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Telepresencial	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas





Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22005	Conversa en francés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas
PI22006	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 24.3.2022 ao 30.6.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	30.6.2022 ás 18.00 horas
PI22006	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas
PI22007	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial A Coruña	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas
PI22007	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Lugo	Do 5.9.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 16.30 ás 18.30 horas	30.11.2022 ás 18.00 horas
PI22007	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Ourense	Do 06.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22007	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Pontevedra	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 16.30 ás 18.30 horas	1.12.2022 ás 18.00 horas
PI22007	Conversa en inglés	15	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Vigo	Do 5.9.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 16.30 ás 18.30 horas	30.11.2022 ás 18.00 horas
PI22008	Inglés para postos de atención á cidadanía	20	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é preciso ter coñecementos de nivel intermedio en lingua inglesa.	Telepresencial	Marzo: 21, 23, 28 e 30 Abril: 4, 6, 18, 20, 25 e 27 Das 16.30 ás 19.00 horas	27.4.2022 ás 18.30 horas
PI22008	Inglés para postos de atención á cidadanía	20	25	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é preciso ter coñecementos de nivel intermedio en lingua inglesa.	Telepresencial	Setembro: 26 e 28 Outubro: 3, 5, 10, 17, 19, 24, 26 e 31 Das 16.30 ás 19.00 horas	31.10.2022 ás 18.30 horas
PI22009	Inglés técnico-xurídico para o sector público	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Mixto Teleformación+ Telepresencial	Do 14.3.2022 ao 6.5.2022 Sesiões telepresenza: Marzo: 17, 24 e 31 Abril: 7, 21 e 28 Maio: 5 Das 16.30 ás 18.30 horas	10.5.2022 ás 16.30 horas
PI22009	Inglés técnico-xurídico para o sector público	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Mixto Teleformación+ Telepresencial	Do 5.9.2022 ao 23.10.2022 Sesiões telepresenza: Setembro: 8, 15, 22 e 29 Outubro: 6, 13 e 20 Das 16.30 ás 18.30 horas	27.10.2022 ás 16.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22010	Lingua alemá. Nivel básico 1	75	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 17.3.2022 ao 31.5.2022	3.6.2022 ás 16.30 horas
PI22011	Lingua alemá. Nivel básico 2	50	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 17.3.2022 ao 31.5.2022	3.6.2022 ás 17.30 horas
PI22012	Lingua alemá. Nivel intermedio 1	25	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 17.3.2022 ao 31.5.2022	3.6.2022 ás 18.30 horas
PI22013	Lingua alemá. Nivel intermedio 2	25	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 17.3.2022 ao 31.5.2022	3.6.2022 ás 18.30 horas
PI22014	Lingua de signos A1.1	30	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é necesario neste curso dispoñer dun dispositivo co que gravarse	Teleformación	Do 25.4.2022 ao 25.5.2022	25.5.2022
PI22014	Lingua de signos A1.1	30	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). Nota: é necesario neste curso dispoñer dun dispositivo co que gravarse	Teleformación	Do 19.9.2022 ao 19.10.2022	19.10.2022



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22015	Lingua de signos A1.2	30	30	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo). IMPORTANTE: para acceder ao curso de Nivel A1.2 é requisito imprescindible ter o certificado do curso Nivel A1.1 de 30 horas. Nota: é necesario neste curso dispoñer dun dispositivo co que gravarse	Teleformación	Do 1.6.2022 ao 1.7.2022	1.7.2022
PI22016	Lingua francesa. Nivel avanzado 1	50	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 14.11.2022	17.11.2022 ás 18.30 horas
PI22017	Lingua francesa. Nivel básico 1	75	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 15.11.2022	18.11.2022 ás 16.30 horas
PI22017	Lingua francesa. Nivel básico 1	75	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 15.11.2022	18.11.2022 ás 17.30 horas
PI22018	Lingua francesa. Nivel básico 2	100	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 15.11.2022	18.11.2022 ás 18.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22019	Lingua francesa. Nivel intermedio 1	50	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 14.11.2022	17.11.2022 ás 16.30 horas
PI22020	Lingua francesa. Nivel intermedio 2	50	150	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 30.3.2022 ao 30.6.2022 e do 15.9.2022 ao 14.11.2022	17.11.2022 ás 17.30 horas
PI22021	Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 1)	125	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	18.5.2022 ás 16.30 horas
PI22022	Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 2)	100	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	18.5.2022 ás 17.30 horas
PI22023	Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 3)	75	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	18.5.2022 ás 18.30 horas
PI22024	Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 4)	75	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	19.5.2022 ás 16.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22025	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 5)	75	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e Uvigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	19.5.2022 ás 17.30 horas
PI22026	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 6)	50	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	19.5.2022 ás 18.30 horas
PI22027	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 7)	25	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	20.5.2022 ás 16.30 horas
PI22028	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 8)	25	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	20.5.2022 ás 16.30 horas
PI22029	Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 9)	25	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	20.5.2022 ás 17.30 horas
PI22030	Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 10)	25	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 15.3.2022 ao 11.5.2022	20.5.2022 ás 17.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/ localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22031	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial A Coruña	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 18.30 ás 20.30 horas	1.12.2022 ás 20.00 horas
PI22031	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Lugo	Do 5.9.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 18.30 ás 20.30 horas	30.11.2022 ás 20.00 horas
PI22031	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Ourense	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 18.30 ás 20.30 horas	1.12.2022 ás 20.00 horas
PI22031	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Pontevedra	Do 6.9.2022 ao 1.12.2022 Martes e xoves das 18.30 ás 20.30 horas	1.12.2022 ás 20.00 horas
PI22031	Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	20	50	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Vigo	Do 5.9.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 18.30 ás 20.30 horas	30.11.2022 ás 20.00 horas
PI22032	Lingua italiana. Nivel básico 1	75	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 21.3.2022 ao 3.6.2022	8.6.2022 ás 16.30 horas



Código	Denominación	Prazas	Horas	Cualificación	Persoal destinatario	Modalidade/localidade	Datas e horario	Data e hora do exame
PI22033	Lingua portuguesa. Nivel básico 1 e nivel básico 2	115	100	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 14.3.2022 ao 21.6.2022	28.6.2022 ás 16.30 horas
PI22033	Lingua portuguesa. Nivel básico 1 e nivel básico 2	115	100	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 1.9.2022 ao 29.11.2022	2.12.2022 ás 16.30 horas
PI22034	Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1	50	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 7.4.2022 ao 21.6.2022	28.6.2022 ás 17.30 horas
PI22035	Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2	50	75	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Teleformación	Do 7.4.2022 ao 21.6.2022	28.6.2022 ás 18.30 horas
PI22036	Oratoria en lingua inglesa	20	20	Aproveitamento	Persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, das entidades locais, da Administración de xustiza e persoal de administración e servizos (PAS) das universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).	Presencial Santiago de Compostela	Do 7.11.2022 ao 30.11.2022 Luns e mércores das 16.30 ás 19.00 horas	30.11.2022 ás 18.30 horas

